

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 3/06/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

Concelleiros

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

Concelleiros

Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmorís-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

Orde do día

- 1º.- Aprobación, se procede, borradores Actas das sesións anteriores.
- 2º.- Aprobación, se procede, presuposto ordinario de 2016.-
- 3º.- Aprobación, se procede, Convenio interadministrativo entre a Entidade Publica empresarial Augas de Galicia e o Concello para execución da actuación da rede separativa na rúa Manuel Lago Pais.-
- 4º.- Expediente adxudicación edificio Semáforo e o seu anexo O Refuxio mediante concesión administrativa.-
- 5º.- Aprobación, se procede, modificación Estatutos Asociación Turística Costa da Morte (CMAT).-
- 6º.- Aprobación, se procede, da participación do Concello no Proxecto de mediación no conflito do pintado da Igrexa Santa Maria das Areas a levar a cabo por parte do Centro Superior de Investigacións Científicas a través do INCIPIT.-
- 7º.- Mocións de grupos Políticos.-
- 8º.- Resolucións dictadas pola Alcaldía para coñecemento.-
- 9º.- Rogos e Preguntas.-

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:30 horas, do día 3/06/2016, reúnense no salón de sesións da casa do concello, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, coa seguinte:

1º Aprobar o borrador da acta da sesión anterior, se procede.

- Sometida a votación a do dia 17 de Marzo de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes, se ben fanse por parte do Sr. Traba Fernández do grupo popular as seguintes observacións que no foron recollidas na acta despois da intervención do Sr. Xal Carlos Sar Oliveira do grupo BNG :

" Non é certo que o Plan estivera nun caixón, todos estes anos anteriores estívose traballando nel como o demostran os reiterados informes solicitados cada vez que se facía unha modificación como o demostra que :

DATA	SOLICITUDE
14/01/2008	Informe de Patrimonio
14/01/2008	Informe de Augas de Galicia
4/01/2008	Informe Concello de Cee
22/04/2008	Informe de Costas
11/06/2009	Informe de Calidade Medioambiental
5/06/2009	Informe da Delegación do Goberno
2/05/2014	Informe de Conservación da Natureza
2/05/2014	Informe de Portos de Galicia
2/05/2014	Informe de Autoridade Portuaria
2/05/2014	Informe de Medio Rural
2/05/2014	Informe de Facenda
12/05/2014	Informe de Delegación do Goberno
12/05/2014	Informe de Espazos Naturais
2/05/2014	Informe de Inspección de Telecomunicacións

E no 2015 a elaboración das modificacións de Patrimonio e de Urbanismo que eran as máis limitantes e coas que vostedes non loitaron e tragaron cunhas esixencias que era aprobalo así houberamolo feito nós hai sete anos.-

- Sometida a votación a do dia 4 de Abril de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

- Deisaxe sobre a mesa a do 31 de Maio de 2016 ó non terse redactado.-

2º.- Aprobación, se procede, presuposto ordinario de 2016.-

Visto o informe favorable emitido pola Secretaría-Intervención, o Pleno por Seis votos a favor (4 PSdG-PSOE e 2 BNG) e Cinco abstencións (4 PP e 1 Convergencia Galega), acorda:

1º Aprobar inicialmente o orzamento desta Entidade para o exercicio de 2015, que ascende tanto no Estado de Gastos como no Estado de Ingresos á cantidade de Tres millóns douscentos sesenta e tres mil

catrocentos oitenta e un euros con cincuenta e seis céntimos (3.263.481,56 €) co seguinte resume:

Estado de Gastos

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIONES CORRENTES		
1	Gastos de persoal	1.247.680,52 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.294.051,07 €
3	Gastos financeiros	9.505,39 €
4	Transferencias correntes	84.340,29 €
B) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	Inversións Reais	503.672,81 €
7	Transferencia de capital	0,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	179.814,54 €
SUMA TOTAL DE GASTOS		3.319.064,62 €

Estado de Ingresos

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIONES CORRENTES		
1	Impostos Directos	648.738,42 €
2	Impostos Indirectos	42.000,00 €
3	Taxas e outros ingresos	544.532,16 €
4	Transferencias correntes	1.530.905,88 €
5	Ingresos Patrimoniais	25.072,04 €
B) OPERACIONES DE CAPITAL		
7	Transferencias de capital	408.022,47 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	119.793,65 €
SUMA TOTAL DE INGRESOS		3.319.064,62 €

2º Aprobar, igualmente, as Bases de Execución de dito orzamento.

3º De conformidade co disposto no Art. 126-1 do Real Decreto Legislativo 781/86, do 18 de abril, en relación co Art. 90 da Lei 7/85, do 2 de abril, apróbase o Cadro de Persoal en relación de postos de traballo que figura no expediente.

4º Que se expoña ó público por espazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no Art. 150.1 da citada Lei.

5º Que no suposto de non se presentaren reclamacións contra o mesmo, será considerado definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, xuntamente co Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo, segundo expoñen os Art. 127 do Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, e 150.3 da referida e

noutro caso procederá de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

6º Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, remítase copia do referido orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Intervencións

Sr. Alcalde do grupo PSdG-PSOE

Ante todo pedir disculpas polo retraso na confección do Presuposto deste ano, para o próximo exercicio intentaremos facelo antes; a nosa filosofía é a de reducir a débeda pendente, non icrementando o teito de gastos.-

No presuposto non existen ingresos especiais nin marxenes para subilos; desexaría tamén que existira unha maior participación da oposición para a súa próxima confección dando o tempo necesario para formulalas propostas que poidan formularse polos grupos políticos.-

Estamos traballando moito para lograr determinar o consumo de auga, conseguindo a redución do incerto e facelo mais real dentro do Padrón Fiscal da Taxa así como o de saneamento.-

En canto o tratamento de residuos estamos tratando de conseguir que sexa Mancomunado a través dos Concellos integrantes da Comarca de Fisterra ou ben que participe a Diputación provincial coa finalidade de ter máis dispoñibilidade económica e conseguir reducir así o coste en beneficio dos contribuintes afectados; trataremos polo tanto, de reciclar máis e facer campañas de reciclaxe.-

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

1. Na partida 13.002 aparece a indemnización por sentenza de despido improcedente a un traballador público por 18.000 € cando se debía ter aberto o expediente correspondente. Logo contratouse unha empresa privada. ¿ Vai ser esta a tónica do goberno municipal ?

Sr. Alcalde

Varaxamos a posibilidade de aperturar un expediente pero a reacción do traballador foi totalmente contraria e non houbo posibilidade, tivemos que acudir a vía xudicial chegando a un acordo.-

2. Na partida 22.706 sobre prestacións de SOGAMA baixa 10.000 € ¿Prodúcese menos lixo agora?

Sr. Alcalde

Preténdese mellorar a reciclaxe.

3. Na partida 48.000 das axudas sociais sube a penas 1.100 €, un 7% e na partida 62.500 de material de servizos sociais baixa un 87 %. ¿ Non lle parece pouco ?

Sr. Alcalde

Actuárase con cargo a outras partidas.

4. Na partida 21.200 de reparación dos colexios apórtanse 1.400 €. ¿ Non lles parece moi pouco cando o goberno anterior só no Mar de Fóra invertía o triple?

Sr. Alcalde

Este ano non houbo tantas reparacións .

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar manifestando que o Colexio Mar de Fóra está moito mellor pero non cabe dúbida de que hai que melloralo .

5. Na partida 13.100 de persoal de cultura, etc. e na 22.609 e actividades culturais invírtense case 20.000 € menos. ¿ Este é o apoio á cultura do goberno municipal?

Sr. Alcalde

E a consignación que se formula dado que non hai ingresos, sen embargo os gastos van con cargo as Subvencións que concedeu a Diputación Provincial; intervindo a Sra. Teresa Fernández quen manifesta que o presuposto está desglosado dado que aparte da consignación existente para Cultura complementase coas subvencións que aparecen concedidas polo citado Organismo para actividades e investimentos.-.

6. ¿ Por qué sobe un 77% a partida de gastos protocolarios ?

Sr. Alcalde

Trátase dunha previsión.

7. ¿Pode especificarnos a partida 22.706 de traballos técnicos que se incrementa en case 115.000 € cando representa o 15% do total do orzamento?

Sr. Alcalde

Incrementáanse os gastos do novo Arquitecto e o contrato para mantemento de instalacións eléctricas e dependencias municipais.

8. ¿ Por qué non se contempla partida para as festas do Cristo?

Sr. Alcalde

Contémplase dentro da Partida de Subvencións en xeral.

9. **¿ Por qué non se contempla persoal para a biblioteca?**

Sr. Alcalde

Porque de principio pretendemos revogar o convenio co Xacobeo do actual albergue e para conseguir destinalo a outra finalidade que non supoña unha carga para o Concello, dado que actualmente hai que atendelo as 24 horas; pasando o persoal destinado no albergue para a biblioteca municipal.

10. **¿ Respecto da partida do Club de Fútbol aínda que se aportaban 6.010 € nos orzamentos anteriores, sempre que se aportaban gastos de arbitraje, transporte, material? Vai seguir sendo así ou deben arranxarse cos 12.000 € ou van seguir sufragando outros gastos.**

Sr. Alcalde

De principio esta é a cuantía, se ven vense seguir sufragando os gastos necesarios e dependendo dos presupostos.

Sr. García Pouso do grupo Convergencia Galega.-

Agradecerlle Sr. Alcalde a súa humildade sobre o feito de recoñecer que o presuposto ven fora de tempo; debería vir resolto nunha Comisión Informativa e non se fixo así.-

É necesario cumprir para o ano que ven e invitarnos a participar na súa formación.-

Ten os vicios de todos os anos e dame a sensación de que o Secretario e o que corta o bacalao.-

Aparecen 5.100,00 € e 10.000,00 € para Seguros, considero que deben pedirse presupostos a varias Axencias para conseguir un mellor prezo.- Sería necesario comprobar o gasto dos teléfonos que ten unha consignación de 22.000,00 € pedindo ofertas a outras compañías.-

Se consignan 11.000,00 € para enerxía eléctrica ¿se refire os inmobles e Alumeados Públicos ?.-

Alcalde

Vamos a ir pedindo presupostos a medida que vaian caducando os Seguros; se ben tamén se prantexa un seguro de flota que penso, salerá mais barato; en canto os teléfonos estamos no tema.-

O presupostado para enerxía eléctrica é para dita finalidade así como os Bombeos.-

3º.- Aprobación, se procede, Convenio interadministrativo entre a Entidade Pública empresarial Augas de Galicia e o Concello para execución da actuación da rede separativa na rúa Manuel Lago Pais.-

Unha vez examinado, o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o Convenio Interadministrativo antes referido baixo as seguintes:

**CLÁUSULAS
PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO**

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “Rede separativa na rúa Manuel Lago. Concello de Fisterra (A Coruña) a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA.- OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 235 do Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e cos efectos sinalados na cláusula sexta.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.

2. Controlar a calidade e a seguranza e saúde das obras de referencia durante a súa execución
3. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, reparar aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.
4. No ámbito das súas facultades, colaborar co Concello no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios

de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

TERCEIRA.- OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello obrígase a:

1. Someter o proxecto das obras de referencia a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 30 días hábiles, e emitir unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se xuntará, no seu caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas. No caso de que, debido ao alcance do proxecto ou ás afeccións que produza, o concello entenda que non procede este trámite de información pública emitirá certificación neste sentido.
2. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
3. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.
4. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto, de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras de referencia.

No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental

competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.

5. Recibir as obras e, como titular das mesmas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.
6. Unha vez dea comezo a explotación das obras de referencia, establecer ou actualizar as tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras de referencia.
7. A subrogación naqueles contratos de subministro que, se é o caso, tivesen que ser asinados durante o desenvolvemento das obras de referencia para posibilitar a súa execución e que deban ter continuidade unha vez recibidas estas.
8. A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.
9. No ámbito das súas facultades, colaborar con Augas de Galicia no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

CUARTA.- OBRIGAS EN RELACIÓN A PROXECTOS MODIFICADOS E COMPLEMENTARIOS

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificar o proxecto ou realizar un proxecto complementario, estes proxectos serán redactados, supervisados e aprobados por Augas de Galicia.

O concello deberá remitir a Augas de Galicia a documentación que a entidade considere necesaria para a súa redacción, previo requirimento. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

Con respecto a estes proxectos, Augas de Galicia e o Concello acordan que sexa de aplicación o mesmo réxime establecido para o proxecto primitivo nas cláusulas segunda e terceira deste convenio.

QUINTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total para a actuación referenciada contemplada neste convenio financiarase integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 383.969,79 euros. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 " Inversións para outros entes públicos " do Plan Xeral de Contabilidade

Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada a existencia de crédito nos seis correspondentes orzamentos. Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes :

Ano	Importe (Euros)
2016	287.227,34
2017	95.742,45

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación dos concursos de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada no parágrafo anterior.

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80% no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020. A actuación enmarcase dentro do Programa Operativo no Obxectivo Temático 6 " conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos ", Prioridade de Investimento 6.2. " o investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en material de medio ambiente e para abodar as necesidades determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia mais alá de ditos requisitos " >Obxectivo específico

6.2.1 " culminar os requisitos da Directiva Marco da Auga a través do investimento en infraestructuras de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais e mellora da calidade da auga ". Unha maneira de facer Europa. Polo que, deberánse observar os criterios de elexibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER. Repectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do citado Fondo Europeo, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

SEXTA.- TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS

Titularidade das obras.- O concello adquire a titularidade das obras de referencia de xeito orixinario. Esta adquisición a título orixinario obedece ao feito de que a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co establecido neste convenio, de carácter instrumental, de auxilio e de prestación de colaboración técnica e

financeira para o exercicio destas competencias por parte do seu lexítimo titular, sen prexuízo de que coa dita asistencia prestada por Augas de Galicia se contribúa tamén a acadar os obxectivos de execución da planificación, coordinación coa entidade local e de garantía dunha subministración eficaz, principio que preside as actuacións de Augas de Galicia neste ámbito.

Entrega.- Augas de Galicia, unha vez producido o acto formal de recepción das obras, poñerá en coñecemento do Concello que, como titular das obras de referencia, asume a obriga de recibilas no momento no que estas sexan postas á súa disposición, iniciándose o cumprimento e a execución por parte do Concello das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste Convenio e da normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.

Para estes efectos, a recepción por parte do Concello da notificación que efectúe Augas de Galicia, onde se deixe constancia do remate das obras de referencia así como da súa recepción en conformidade por parte de Augas de Galicia, suporá a perda da posesión inmediata das instalacións por parte de Augas de Galicia e equivalerá a súa posta a disposición a favor do Concello, entendendo que estas quedan sometidas á esfera da súa vontade. Polo tanto, considerándose entregadas as obras de referencia, darase inicio para o Concello, a partir desta data de recepción da notificación, como titular e posuidor inmediato, ao cumprimento e á execución das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste Convenio e as establecidas na normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.

O réxime anterior será de aplicación no caso de existir recepcións parciais de obra, sempre e cando as obras recibidas por Augas de Galicia en conformidade poidan ser destinados ao uso público con independencia do resto de obra pendente de recibir, cuxa posta a disposición do concello terá lugar, do mesmo xeito, unha vez efectuada a súa recepción.

Non obstante o anterior, Augas de Galicia, de acordo co regulado neste convenio e no disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, conservará, unha vez entregadas as obras de referencia ao Concello, as competencias relativas á inspección facultativa das mesmas e poderá ordenar os traballos necesarios para a boa utilización das obras, o que será de obrigado cumprimento para a entidade local.

SÉTIMA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por

dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propondo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Proponer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como Presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

NOVENA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste Convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso- administrativa.

DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e **estenderá a súa vixencia ata o 31 de Decembro de 2017. Porén , seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.**

UNDÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia, recollidos no Anexo I deste Convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte de Augas de Galicia, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula quinta do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao Convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarase a través dunha addenda ao mesmo.

DUODÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia
- que a Unión Europea non cofinancie as obras a través dos seus Fondos Estruturais ou de Investimento.

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do Convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a outra parte deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumpridos. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o Convenio se extinga por causas imputables ao Concello, as instalacións executadas ata ese momento se porán a disposición do Concello, considerándose a tódolos efectos entregadas ao Concello titular das mesmas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.

Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula séptima deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio, considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

ANEXO I- DISTRIBUCIÓN DE ANUALIDADES

Ano	Importe (Euros)
2016	287.227,34
2017	95.742,45

2) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para que no nome e representación desta Corporación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

4º.- Expediente adxudicación edificio " O Semáforo " e o seu anexo " O Refuxio " mediante concesión administrativa.-

Unha vez examinado o expediente,

Resultando que por parte da licitadora **Mercedes Redonda Martínez** a través de escrito presentado no **Rexistro Xeral de Entrada** desta Corporación baixo número 706 de data 11 de Marzo de 2016 se comunica a este Concello **o desestimento da súa proposta no expediente do procedemento de licitación convocada** no seu día para a contratación por procedemento aberto da concesión administrativa do edificio " O Semáforo " e o seu Anexo " O Refuxio ", ao mesmo tempo que solicita a **Devolución do Aval do Banco Pastor S.A.** imposto no seu día, en concepto de garantía definitiva, **Resultando** que dita documentación douse traslado o Xulgado Contencioso Administrativo número 2 de A Coruña para unir o recurso

contencioso administrativo interposto por parte do outro licitador NCC GALICIA S.L. contra dito procedemento de concesión,

Considerando que o día 25 de Maio de 2016 recibese a través do Rexistro Xeral de Entrada número 1.487 procedente do Xulgado Contencioso Administrativo número 2 de A Coruña, Certificación expedida polo Letrado da Administración de Xustiza do citado Xulgado referido ao Decreto dictado con data 5 de Maio de 2016, onde queda determinado o carácter de Firme do procedemento Ordinario 0000147/2015 R resultante dese recurso formulado contra este Concello de Fisterra onde na súa PARTE DISPOSITIVA adopta ACORDO de :

" O arquivo das presentes actuacións por perda sobrevida do obxecto do proceso, sen que proceda a condena en costas "

Ante a existencia desta Sentencia firme dictada polo Xulgado Contencioso administrativo e sendo NCC Galicia S.L. o único e seguinte licitador participante neste procedemento administrativo segundo se desprende da acta da Mesa de Contratación formalizada o día 26 de Marzo de 2015,

Visto o Informe Xurídico emitido por parte da Avogada Gloria Zuñiga Rial que consta no expediente, o Pleno da Corporación Municipal por Sete votos a favor (4 PSdG-PSOE, 2 BNG e 1 Convergencia Galega) e sen a participación dos concelleiros do grupo popular asistentes , acorda:

1) **Cancelar a Garantía definitiva** imposta no seu día por parte de **Mercedes Redonda Martínez** polo importe de **Trece mil setecentos cincuenta euros (13.750,00 €)** como consecuencia do seu desestimento á citada concesión administrativa.--

2) **Requerir ó seguinte e único licitador, NCC GALICIA S.L.,** para que de conformidade co disposto na **Cláusula 18 do Prego** que serviu de Base á licitación convocada no seu día por esta Corporación para a contratación por procedemento aberto mediante **concesión administrativa da xestión do edificio "O Semáforo" e o seu Anexo "O Refuxio"** e dentro do prazo de **Dez días hábiles (10)** contados desde o seguinte ao do recibo desta comunicación, presente a seguinte documentación:

A) **Certificación acreditativa xustificativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

B) **Constituír a garantía definitiva por importe de Doce Mil cento cincuenta euros (12.150,00 €) equivalente ao 5% do importe da oferta presentada excluído o Imposto sobre o Valor Engadido por calquera dos medios a que se refire o Artigo 96 do Real Decreto Lexislativo 2/2011 de 14 de novembro.**

C) **Acreditación de dispoñer dos medios persoais e materiais que se comprometeu a dedicar durante a concesión, para o cal presentará a**

relación de persoal que vai desenvolver as tarefas con indicación de nome e apelidos, D.N.I, postos de traballo e xornada laboral así como xustificación de ter pasado favorablemente todas as xornadas técnico-sanitarias pertinentes.

D) Copia da póliza de seguros subscrita por responsabilidade civil e que cubra os potenciais danos da instalación.

Todo elo coa finalidade de levarse a cabo por esta Corporación, da Adxudicación definitiva da concesión administrativa obxeto deste procedemento.--

3) Notificar dito acordo aos licitadores así como ó Xulgado Contencioso Administrativo número 2 de A Coruña para o seu coñecemento e demais efectos.-

5º.- Aprobación, se procede, modificación Estatutos Asociación Turística Costa da Morte (CMAT).-

O Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Prestar aprobación aos Estatutos que se indican co seguinte contido:

CAPITULO 1

DENOMINACION, FINS, DOMICILIO E AMBITO

Artigo 1.- Coa denominación - CMAT (COSTA DA MORTE ASOCIACIÓN DE TURISMO) - constitúese unha ASOCIACION ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo e normas complementarias, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Os beneficios que obteña por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación, sen que se poidan repartir entre os/as asociados/as nin outras persoas físicas ou xurídicas con fins lucrativos.

Artigo 2.- Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3.- A Asociación constitúese con finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación, en materia turística, para conseguir os seguintes fins:

A) Promocionar o destino turístico COSTA DA MORTE

B) Mellorar a calidade e a innovación permanentemente en servizos e produtos turísticos, desenvolvéndoos con criterios de sustentabilidade.

C) Consolidar e ampliar a oferta cara os segmentos con maior potencial de crecemento do turismo COSTA DA MORTE para afrontar con éxito o desenvolvemento global do sector da comarca.

D) Fortalecer e ampliar a oferta turística de COSTA DA MORTE para afrontar con garantías os retos e oportunidades dos segmentos turísticos consolidados.

E) A Asociación ten así mesmo como fin contribuir ao desenvolvemento económico e social na súa zona de actuación, facilitando unha estrutura de concertación, cooperación, asesoramento e apoio directo que lle permita:

- Recadar a colaboración dos poderes públicos, suscitar a materialización e proxectos de desenvolvemento turístico no marco das convocatorias de ámbito autonómico, estatal e da Unión Europea.

- Participar naquelas iniciativas e programas locais, autonómicos, estatais ou comunitarios que se convoquen que poidan ser de interese para a asociación.

Artigo 4.- Para o cumprimento destes fins poderíanse realizar, entre outras, as seguintes actividades.

A) Edición de catálogos e material promocional en varios idiomas.

B) Promoción entre turoperadores para dar a coñecer a oferta existentes no destino turístico a través do reparto de material promocional e “Fan - Trips”.

C) Asistir a feiras turísticas estatais e internacionais.

D) Garantir a presenza en medios a través da inserción de anuncios en medios de comunicación de masas e publicacións especializadas estatais e internacionais.

E) Invitar a xornalistas especializados e outros prescitores de repercusión mediática.

F) Completar a información recollida na páxina web.

G) Promover unha oferta de calidade en aloxamentos e restauración a través da formación do empresariado (calidade, Internet, etc.)

H) Poñer en marcha e incentivar a creación de paquetes turísticos multiempresa.

I) Promover unha oferta diversa a través do apoio á creación de empresas turísticas.

J) Mellorar a cualificación do persoal e promover o emprego estable no sector turístico.

- K) Concienciar á poboación comarcal sobre a importancia do turismo na COSTA DA MORTE.
- L) Desenvolver unha actividade turística con criterios de sustentabilidade e respecto ao Medio Ambiente.
- M) Ampliar o número de visitantes de COSTA DA MORTE grazas ao turismo provinte doutras áreas de Galicia.
- N) Desenvolver as posibilidades do turismo mariñeiro, natural e cultural.
- O) Potenciar COSTA DA MORTE como destino de “city breaks”. (visita de fin de semana).
- P) Promover o desenvolvemento doutros segmentos (turismo de aventura, familiar, etc)
- Q) Fortalecemento e posta en valor da oferta patrimonial e cultural da COSTA DA MORTE.
- R) Ampliar e diversificar a oferta cultural baseada no patrimonio inmaterial.
- S) Para o cumprimento dos seus fins, a Asociación CMAT desenvolverá calquera actividade que contribúa á consecución dos fins fundacionais, por si mesma ou coa axuda ou colaboración de entidades ou institucións públicas ou privadas.

Artigo 5.- A Asociación establece o seu domicilio en lugar de Lires, 82 do Concello de Cee (CP 15270) Provincia de A Coruña. Sen que o traslado do mesmo, acordado por Asemblea Xeral e dentro do ámbito de actuación da Asociación, supoña a alteración dos presentes Estatutos.

Mediante acordo da Xunta Directiva, poderán ser creados locais sociais no territorio de actuación. O ámbito territorial delimitao o Xeodestino Costa da Morte, que está integrado por 17 concellos: A Laracha, Carballo, Coristanco, Zas, Vimianzo, Dumbría, Camariñas, Muxía, Cee, Fisterra, Corcubión, Carnota, Mazaricos, Cabana de Bergantiños, Laxe, Ponteceso e Malpica, dentro da Provincia da Coruña.

O mapa dos xeodestinos preséntao a Xunta de Galicia, segundo a estratexia de planificación establecida no Plan de Acción do Turismo 2010-2013.

CAPITULO II

ÓRGANOS DE REPRESENTACION

Artigo 6. A Xunta Directiva é o órgano reitor da Asociación. Na súa actuación someterase ás directrices que lle sinala a Asemblea Xeral, debendo cumprimentar os seus acordos, e terá as facultades que se conceden nos presentes Estatutos e no Regulamento de Réxime Interior.

A asociación será xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por: un/unha presidente/a, un/unha vicepresidente/a, un/unha secretario/a e un/unha tesoureiro/a e vogais no seu caso, e estará composta por un mínimo de 5 membros e un máximo de 7. Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuitos. Estes serán designados e revogados pola Asemblea Xeral e o seu mandato terá unha duración de dous anos. A renovación farase pola metade cada dous anos, para permitir unha continuación progresiva e non traumática da xestión da asociación, sendo reelixibles os membros saíntes.

- En caso de vacante por renuncia ou dimisión, a Xunta Directiva pode completarse por si mesma, nomeando sustituto con carácter provisional que, na seguinte Asemblea Xeral, deberá ser confirmado nas súas funcións para poder continuar.

- Para os membros da Xunta Directiva 5 faltas de asistencia consecutivas e non xustificadas ás reunións da mesma poderán ser causa do seu cese.

6.1. A Xunta Directiva será o órgano competente para interpretar os preceptos contidos nos presentes Estatutos e cubrir as súas lagoas, sempre someténdose á normativa legal vixente en materia de Asociacións. Os presentes Estatutos serán cumpridos mediante os acordos que validamente adopte a Xunta Directiva.

Artigo 7. Os membros da Xunta Directiva poderán causar baixa por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas ou por expiración do mandato.

Artigo 8. Os membros da Xunta Directiva que esgotaran o prazo para o cal foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento en que se produza a aceptación dos que os substitúan.

Artigo 9. A Xunta Directiva reunirse tantas veces o determine o seu presidente/a e a iniciativa ou petición de calquera dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. Poderán participar nas reunións da Xunta Directiva, con voz pero sen voto, técnicos municipais (interventor/a, secretario/a, etc) ou calquera outro persoal especializado na materia que se vaia a tratar cando fose necesario. No caso de empate, o voto do/da presidente/a será de calidade.

Artigo 10. Facultades da Xunta Directiva:

As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral a todos os actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non se requira, segundo estes estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

A) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.

- B) Executar os acordos da Asamblea Xeral.
- C) Formular e someter á aprobación da Asamblea Xeral os balances e as contas anuais.
- D) Resolver sobre a admisión de novos/as asociados.
- E) Nomear delegados/as para algunha determinada actividade da Asociación.
- F) Calquera outra facultade que non sexa de exclusiva competencia da Asamblea Xeral de Socios/as.

Artigo 11. O/A presidente/a terá as seguintes atribucións: representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados: convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e outra; ordenar pagos e autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou que no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Artigo 12. O/A vicepresidente/a substituirá ao/á Presidente/a en ausencia deste/a, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións que el/ela.

Artigo 13. O/A secretario/a terá a cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os libros da Asociación legalmente establecidos e o arquivo de asociados/as, e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribíbles nos Rexistros correspondentes, así como o cumprimento das obrigacións documentais nos termos que legalmente correspondan.

Artigo 14. O/A tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o/a Presidente/a.

Artigo 15. Os/As vogais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

Artigo 16. As vacantes nos cargos que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre ditos membros ata a elección definitiva pola Asamblea Xeral convocada ao efecto.

CAPITULO III

ASAMBLEA XERAL

Artigo 17. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por todos/as os/as asociados/as. Non poderán ser obxecto de discusión nin votación aquelas cuestións que non estean previamente fixadas na orde do día. Cada membro poderá votar en nome propio e no de calquera outro que lle otorgue a súa representación, considerándose a efectos do quorum da Asemblea que o representado está presente. Non poderá outorgarse a cada membro mais dunha representación.

Artigo 18. As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ao ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do/da presidente/a cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito unha décima parte dos/das asociados/as. Nas reunións ordinarias poderanse incluír novos puntos na orde do día por iniciativa do/da presidente/a ou dun terzo dos/as asociados/as previa ratificación por maioría antes de iniciar o primeiro punto.

Artigo 19. As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para celebración da Asemblea en primeira convocatoria terán que mediar polo menos quince días, podendo así mesmo facerse constar se procederse a data e hora na que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a unha hora. Por razón de urxencia xustificada, poderanse reducirse os prazos no que respecta á convocatoria das Asembleas Xerais Extraordinarias.

Artigo 20. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos/as asociados/as con dereito a voto, e en segunda convocatoria cando concorra como mínimo un terzo dos/as asociados/as con dereito a voto.

Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións.

Será necesario maioría cualificada dos/as socios/as, que resultará cando os votos afirmativos superen os negativos non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco, nin as abstencións.

Será necesario maioría cualificada dos/as socios/as, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade desta, para:

- A) Disolución da entidade.
- B) Modificación de Estatutos.
- C) Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.
- D) Establecemento de dietas e de compensacións de gastos dos membros do órgano de representación.

Artigo 21. Son facultades da Asamblea Xeral:

- A) Aprobar a xestión da Xunta Directiva.
- B) Examinar e aprobar as contas anuais.
- C) Elixir aos membros da Xunta Directiva.
- D) Aprobar os proxectos presentados pola Xunta Directiva.
- E) Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.
- F) Disolver a Asociación.
- G) Modificar os Estatutos.
- H) Dispoñer o alleamento dos bens.
- I) Calquera outra que non sexa competencia atribuída a outro órgano social.
- J) Aprobar a solicitude da declaración de utilidade pública.

Artigo 22. Requiren acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto:

- A) Modificación dos estatutos.
- B) Disolución da Asociación.

CAPITULO IV

SOCIOS / AS

Artigo 23. Poderán pertencer á Asociación os concellos e aquelas persoas xurídicas de agrupación, federación ou confederación de empresas hostaleiras ou turísticas, cuxo ámbito de actuación abarque a totalidade do Xeodestino, que teñan presenza na maioría dos concellos deste territorio e que teñan interese no desenvolvemento dos fins da Asociación ou os concellos pertencentes ao territorio.

A solicitude de ingreso farase mediante un escrito dirixido ao presidente/a no que se manifesta a vontade expresa de adherirse á asociación e de compromiso coa consecución dos fins estatutarios. Debe achegar ademais, acordo do órgano competente da entidade que expresa a vontade de ser asociado e a persoa que o/a representará na asociación. A solicitude trasladarase a Xunta Directiva que deberá resolver nun prazo non superior a dous meses desde a súa recepción. A Xunta Directiva poderá solicitar canta documentación estime oportuna para a resolución do ingreso.

Artigo 24. Dentro da Asociación existirán as seguintes clases de socios/as:

- A) Fundadores/as, que serán aqueles/as que participen no acto de constitución da Asociación.
- B) De número, que serán os/as que ingresen despois da constitución da Asociación.

Artigo 25. Os/As socios/as causarán baixa por algunha das causas seguintes:

- A) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- B) Por incumprimento das obrigas económicas.
- C) Por lesión dos fins da Asociación.
- D) Por incumprimento dos deberes inherentes ao seu carácter de membro.

Nos casos comprendidos nos apartados b), c) e d) correspóndelle á Xunta Directiva acordar a separación do membro, previa instrucción dun expediente no que se dará audiencia ao/á interesado/a. A baixa na asociación, non eximirá do cumprimento das obrigas e compromisos de calquera natureza que o/a socio/a tivese pendente.

Artigo 26. Os socios/as de número e fundadores/as terán os seguintes dereitos:

- A) Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
- B) Gozar de todas as vantaxes e beneficios que a Asociación poida obter.
- C) Participar nas Asambleas con voz e voto.
- D) Ser electores/as e elixibles para os cargos directivos.
- E) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- F) Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde ao mellor cumprimento dos fins da Asociación.

Artigo 27. Os/As socios/as fundadores/as e de número terán as seguintes obrigas:

- A) Cumprir os presentes Estatutos e os acordos válidos das Asambleas e da Xunta Directiva.
- B) Aboar as cotas que se fixen.
- C) Asistir ás Asambleas e demais actos que se organicen.
- D) Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ao cargo que ocupen.

CAPITULO V **DOS RECURSOS E DO PATRIMONIO.**

Artigo 28. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- A) As cotas de socios/as, periódicas ou extraordinarias que aprrobe a Xunta Xeral.
- B) As subvencións, legados ou herdanzas que se puidesen recibir de forma legal por parte dos/as asociados/as ou terceiras persoas.
- C) Calquer outro recurso lícito.

Artigo 29. A asociación no momento de constitución carece de Fondo Social.

Artigo 30. O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o día 31 de decembro de cada ano.

CAPITULO VI **DISOLUCIÓN**

Artigo 31. Disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ao efecto, con arranxo ao disposto no artigo 20 dos presentes Estatutos.

Artigo 32. No caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora a cal, unha vez extinguidas as débedas, e se existise sobranse líquido destinarao para fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.

2) Remitase certificación deste acordo á Excma Deputación Provincial para o seu coñecemento e demais efectos.-

6º.- Aprobación, se procede, da participación do Concello no Proxecto de mediación no conflito do pintado da Igrexa Santa María das Areas a levar a cabo por parte do Centro Superior de Investigacións Científicas a través do INCIPIIT.-

A vista do Informe Inicial do Proceso de Mediación de Santa María das Areas de Fisterra co seguinte contido:

“ Este documento recolle o informe pericial realizado no marco do proceso de mediación no conflito de restauración de Santa María das Areas de Fisterra. Inclúense as seguintes seccións: (1) introducción ao conflito; (2) obxectivos iniciais do proceso de mediación; (3) actores no proceso de mediación; e (4) proposta metodolóxica para o proceso de mediación.

En febreiro de 2016 a Asociación de Veciños Finisterre púxose en contacto co equipo de antropoloxía do Incipit para solicitar o seu labor de mediación en relación ao conflito xerado trala restauración da igrexa de Santa María das Areas.

Para dar resposta a esta petición, dentro do proxecto do Plan Nacional de I + D “PartiPat”, Patrimonio e Participación social: proposta metodolóxica e revisión crítica (HAR2014-54869-R), deseñouse un estudo do caso que analiza o conflito de Santa María das Areas e estuda a aplicabilidade das metodoloxías de mediación á resolución de conflitos patrimoniais. Partimos da idea de que a finalidade da mediación “non é resolver un conflito mediante o logro dun acordo, senón a transformación ou mellora dunha relación. Non é que se desestime ou subvalore os acordos, pero o central e primordial é a mellora da relación” (Giménez 2001, 9). Desde este punto de vista, entendemos a situación conflictiva como unha oportunidade de experimentar cauces alternativos de xestión patrimonial.

Polo tanto, o noso obxectivo ao dar resposta á petición da Asociación é dobre: por unha parte ser facilitadoras deste proceso de mediación; por outra parte, analizar o proceso participativo que se iniciou coas protestas despois das obras de restauración na igrexa de Santa María das Areas e o propio proceso de mediación que estamos iniciando. A través do

proxecto “ParticiPat” cúbrese os desprazamentos das persoas facilitadoras do proceso mediador vinculadas ao Incipit; polo que, o proceso de mediación non implica gastos para ningunha das partes.

Este informe foi presentado en Fisterra o 18 de marzo de 2016 nunha reunión que organizou a Asociación de Veciños Finisterre e a que asistiron 25 persoas. Entre as persoas asistentes había membros da asociación e outras persoas que non o eran e que pertencían a outros grupos locais como confrarías relixiosas e outras asociacións. As persoas que non eran da asociación manifestaron que os seus comentarios eran a título individual e non como representantes doutras asociacións. Utilizouse unha técnica de tarxetas vinculada á Investigación Acción Participativa (IAP) para decidir os obxectivos da mediación que son os obxectivos que se inclúen no punto 2 deste informe. Ademais nesta reunión consensuouse o contido deste informe para que sexa utilizado como documento de traballo inicial nas reunións cos outros actores implicados. Así mesmo na reunión decidiuse dar o visto e prace á forma de traballar proposta poli Incipit e iniciar o proceso de mediación.

1. Introducción ao conflito.

En outubro de 2015 deron por rematadas as obras de “restauración e posta en valor da igrexa de Santa María das Areas e o seu Adro” no municipio de Fisterra (A Coruña). As obras, promovidas desde a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, afectaban a esta igrexa románica do S.XII declarada de Interese Cultural (RI.000007270) e foron executadas polo arquitecto César Portela cun custe de 278.414,68 € segundo o presuposto presentado en xuño de 2014.

O 11 de outubro de 2015, durante a primeira misa que se daba despois da súa restauración, formouse unha cadea humana arredor da igrexa e liuse un comunicado que recollía o descontento coas obras de restauración e a opacidade coa que se desenvolvera o proceso. O 16 de outubro convocouse unha presentación e entrega pública da obra na propia igrexa, coa presenza do arquitecto e de Manuel Chaín, responsable da Subdirección Xeral de Patrimonio (DXP). A presentación convertiuse nun acto de protesta no que os veciños e veciñas de Fisterra tomaban a palabra para mostrar o seu rexeitamento á obra de restauración na que se pintara de cor azul algunhas zonas do interior da igrexa, que previamente estaban en pedra. Sen embargo, as queixas que se escoitaron aquel día e nos meses posteriores, non só rexeitaban os criterios estéticos escollidos polo arquitecto, que ten o azul augamarina como referente en moitas das súas obras, senón tamén pola sensación de agresión cara a imaxe social previa que tiña o ben patrimonial en favor da intervención artística do ben por parte de Portela. Unha intervención e restauración que non remataba de solucionar os problemas estéticos das filtracións e humidades da igrexa, que pouco tempo despois, volvía a padecer e que se manifestan na actualidade.

A igrexa de Santa María das Areas é un ben patrimonial co que a maioría da vecindade de Fisterra ten unha gran vinculación relixiosa e, máis alá, unha relación afectiva e emocional xa que nesta celébranse momentos importantes da vida social e cultural da vila como a Semana Santa, declarada Festa de Interese Turístico Nacional. O cambio da imaxe da igrexa realizouse sen que houbera unha explicitación do encalado azul no proxecto presentado polo arquitecto, sen consultar coas institucións políticas locais e sen que houbera ningún tipo de exposición previa, nin participación durante o proceso de restauración por parte da cidadanía polo que a entrega da obra supuxo un grande impacto visual e emocional que motivou a explosión do conflito. Un conflito que funde as súas raíces no pasado, coa participación do arquitecto en distintas obras realizadas en Fisterra como o Cemiterio.

Ao fío deste conflito patrimonial creouse en novembro de 2015 a Asociación de Veciño Finisterre, para a defensa do patrimonio, que recolleu máis de 1000 sinaturas e foron entregadas ao Concello, á Xunta e ao Bispado, ademais de reunirse co alcalde para formular as súas queixas e necesidades.

Por outra parte o arquitecto xustifica que os criterios de restauración obedecen a razóns históricas, xa que a igrexa estivo encalada ata mediados do S. XX e que a pedra non estarían orixinalmente concebida para ser mostrada a razóns construtivas e de conservación da pedra fronte á humidade e salinidade do ambiente, e por último a razóns estéticas xa que a cor elixida aporta “alegría e luminosidade” ao ben patrimonial. Estas razóns explicáronse publicamente na entrega da obra, sustentadas polo representante da Dirección Xeral de Patrimonio, así como nun informe que o Concello solicitou posteriormente a ICOMOS e que, ademais das razóns apuntadas polo arquitecto, recolle información da empresa que levou a cabo a restauración, da escola de Minas da Universidade de Vigo sobre as pátinas pictóricas existentes e unha análise in situ. Este informe, que se publicitou en febreiro de 2016, entende os encalados como unha “sobreactuación” e foi derivado desde o concello cara as asociacións implicadas e finalmente posto a disposición do Arzobispado e a DXP, que son os responsables últimos do ben patrimonial.

2. Obxectivos do proceso de mediación.

A Asociación de Veciños de Fisterra, grupo iniciador do proceso de mediación, e o resto de participantes na reunión do día 18 de marzo de 2016 na que se consensuou o contido deste informe, propoñen os seguintes obxectivos para o proceso de mediación :

- Reverter o encalado da igrexa de Santa María das Areas.
- Solucionar os problemas de humidades e saneamento.
- Establecer canles para a información previa, a consulta e a participación cidadá sobre as obras que se planifiquen no futuro e que afecten aos bens patrimoniais de Fisterra. Ademais, propónse que se revise o Plan

Director paa que se inclúan ferramentas participativas nas accións que se leven a cabo.

3. Actores no proceso de mediación.

Na fase 1 do proceso detectáronse os seguintes grupos (ou “actores”) que se ven afectados dalgunha maneira polo proceso. Tamén se inclúen os actores que están vinculados co proceso ben por seren persoas facilitadoras (Incipit) como por emitir informes previos (ICOMOS):

Grupos afectados polo conflito:

- ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE FISTERRA “COSTA DA MORTE”
- OUTROS ACTORES LOCAIS, CONFRARÍAS
- ICOMOS
- ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FINISTERRE
- CONCELLO
- INCIPIT
- DIRECCION XERAL DE PATRIMONIO DA XUNTA DE GALICIA
- IGREXA CATOLICA: ARZOBISPADO, PARROCO
- EQUIPO DE ARQUITECTURA: CESAR PORTELA

4. Proposta metodolóxica para o proceso de mediación.

Esta proposta está vinculada á liña de investigación do Incipit sobre patrimonio e conflito (Jiménez- Esquinas e Sánchez-Carretero 2015; Sánchez Carretero 212, 2013). Ademais, recóllense ideas baseadas en experiencias sobre conflitos patrimoniais que diversas persoas do Incipit tiveron ao longo dos anos e os marcos metodolóxicos da investigación Acción Participativa e da Mediación Social Intercultural.

O seguinte esquema explica as fases do proceso de mediación proposto, en verde aparecen sinalados os distintos informes e documentos de traballo; en amarelo resáltanse os momentos en que se pode dar por rematado o proceso de mediación.

1. Fase 1: Fase inicial do proceso de mediación

1.1 Solicitud de mediación: un actor-promotor inicia a proposta de mediación. A iniciativa pode xurdir desde calquera grupo ou institución, pero ha de extenderse a outros grupos.

1.2. Elaboración dun mapa de actores (grupos e/ou persoas que arriscan algo no proceso mediador ou que se ven afectados por el)

1.3. Recollida de información: fontes bibliográficas, estatísticas, información etnográfica (obseracións, entrevistas, ...)

1.4. Elaboración dunha proposta metodolóxica inicial.

1.5. Elaboración dun informe inicial: descripción do conflito, mapa de actores, de quén parte a solicitude da mediación, obxectivos da mediación desde o punto de vista do actor-promotor, proposta metodolóxica inicial.

1.6. Presentación do informe inicial ao grupo solicitante. (Poden dicir NON; o Incipit pode dicir NON) Se algunha destas partes - grupo solicitante, equipo falicitador - di “NON”, o proceso remata aquí. Si din “SI” consensuarase o contido do informe inicial dicindo os obxectivos sobre os que se traballará na seguinte fase.

2. Fase 2: Contacto coas partes involucradas

2.1 Contacto cos actores que arriscan algo (ou se ven afectados) no proceso mediador: explicación de en qué consiste o proceso de mediación e explicación dos puntos que contén o informe pericial cos actores.

2.2 Consentimento de formar parte do proceso de mediación. Se as principais partes non queren formar parte, o proceso párase neste punto cun informe final no que se especifique qué parte renuncia ao proceso de mediación e os motivos para facelo.

2.3 Se as partes deciden iniciar o proceso, consensuarase a metodoloxía, os obxectivos propostos, propostas concretas para chegar aos obxectivos, actores e calendario.

2.4 Utilizando os puntos acordados elaborárase un documento guía consensuado da mediación.

3. Fase 3: Reunións da mediación

3.1 Segundo a metodoloxía deseñada na Fase 1 e 2 faranse reunións individuais ou grupais.

3.2 Nas reunións traballarase nas propostas concretas do documento-guía, tratando de chegar a acordos que inclúan detalles sobre cómo se levarán a cabo as propostas: recursos necesarios, quén afrontará as medias propostas, con qué prazo e quén se encargará de facer o seguimento para que se cumpra o acordado. En caso de que algunha das partes con poder para tomar e executar decisións decida non seguir co proceso, rematarase o proceso de mediación e elaborárase un informe-final no que se especifique qué parte renuncia ao proceso de mediación e os motivos para facelo.

4. Fase 4: Peche do proceso de mediación.

4.1 O proceso de mediación péchase cando se consensúen as respostas ás propostas descritas no documento-guía.

4.2 Elaborarase un informe-final onde se explique o acordado, no que se incurrirá: cómo se levarán a cabo as propostas, os recursos necesarios, quen afrontará as medias propostas, en qué prazo e quen se encargará de facer o seguimento para que se cumpra o acordado.”

Seguidamente o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda formar parte de dito proceso de mediación de Santa Maria de las Arenas en relación coa pintura da Igrexa.-

7º.- Mocións de grupos Politicos.-

O Pleno da Corporación Municipal por unanimidade dos asistentes:

AOS PORTAVOCES DOS GRUPOS MUNICIPAIS DA CORPORACION DO CONCELLO DE FISTERRA

O grupo de goberno do Concello de Fisterra ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en pleno sobre a situación da empresa Ferroatlántica na nosa comarca.

Exposición de motivos:

Por moito que se presentase o proxecto de repotenciación das minicentrais do río Xallas como unha medida exemplar para sacar á Costa da Morte da crise económica, esta actuación é un exemplo dun modelo de desenvolvemento de característica neocoloniais. Un modelo consistente en esquilmar os nosos recursos naturais en beneficio de multinacionais, mentres emigran os beneficios económicos a Galiza, e a Costa da Morte en particular, ten que apandar cos custes medioambientais.

O río Xallas, con catro encoros (Fervenza, Ponte Olveira, Castrelo e Santa Uxía) era xa o río galego máis sobreexplotado dos xestionados directamente pola Xunta de Galiza. Malia o grao de afectación que xa supuñan estes catro encoros aprobouse un proxecto de repotenciación que contemplou a instalación de 3 novas subestacións e liñas de evacuación.

Para xustificar esta actuación chegouse a afirmar que sería capaz de xerar 700 postos de traballo, cando a realidade é que empregaron menos dunha ducia de postos durante a súa construción. Ademais que Villar Mir é propietario de Ferroatlántica a xestión e contabilidade de todas as centrais está centralizada en Madrid, pasando de ter 8 postos de traballo na capital do estado no ano 93 aos 62 actuais.

A empresa Ferroatlántica, que ten a concesión para explotar os nosos recursos naturais, beneficiouse de concesións públicas supeditadas ao mantemento e xeración de postos de traballo. Porén, é sistemático o incumprimento por parte da empresa deste compromiso.

Así, en 1986 a Declaración de Utilidade Pública, preceptiva para proceder á expropiación dos terreos para a construción do encoro de Santa Uxía, xustificouse para asegurar o mantemento dos postos de traballo. A realidade, en cambio, é que dunha plantilla de máis de 500 traballadores/as naquela data pasouse a 284 na actualidade. Ferroatlántica está reducindo a produción da súa factoría de ferroaleacións de Brens en Cee para incrementala nas factorías de Sudáfrica e Venezuela. O que mesmo supuxo o desmantelamento dalgunhas das súas unidades de produción como o forno 11 en Brens.

A realidade é que mentres Ferroatlántica reduce a súa produción en Galiza, incrementaa nas factorías de Sudáfrica e Venezuela (hai que dicir, que estaban desmanteladas e foron postas en marcha con técnicos das nosas fábricas). Mentres na comarca desmantelan fornos para o despece, nestes países reconvírtenos para a produción de silicio solar (caso de Sudáfrica) unha produción claramente en alza. O resultado é o declive continuado das factorías de Brens e Dumbría e o perigo de deslocalización agrávase, aínda máis, tralo acordo de fusión que deu lugar ao nacemento de FerroGlove, participada nun 57% por Ferroatlántica e no 43% restante pola norteamericana Globe, que fixou a súa sede social en Londres. Consecuencia desta fusión, xa a está a padecer algunha das empresas da comarca que dende fai moitos anos prestaba servizos para Ferroatlántica, que se ve na obriga de prescindir de parte da plantilla e realizar ERE.

A realidade é que a propietaria de Ferroatlántica, malia explotar os nosos recursos naturais, destrúe postos de traballo en Galiza mentres os xera en Madrid. A propia comercializadora de enerxía do grupo (VM Enerxía) está radicada en Madrid, os provedores de ordenadores e telefonía móbil ás centrais están radicadas en Madrid e incluso o grupo propietario de Ferroatlántica chegou a utilizar os beneficios xerados polas centrais como aval no crédito concedido para construír Torre Espacio en Madrid, posteriormente vendida ao grupo filipino Emperador por 558 millóns de Euros.

Por todos estes motivos, a Sección Sindicar da CIG de Ferroatlántica Cee-Dumbría-Centrais Hidroeléctricas solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO: O Concello de FISTERRA a instar á Xunta de Galicia e a empresa FERROATLANTICA S.A Cee- Dumbría-C.H

1. Adoptar as medidas legalmente adecuadas para evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións por parte de Ferroatlántica, sen que estas afecten aos fluxos de enerxía eléctrica que deberán respectar as esixencias regulamentariamente establecidas para a adecuada operación do sistema eléctrico.

2. Esixir a Ferroatlántica o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo nas factorías da nosa Comarca, así como os

compromisos de investimento, derivados das concesións de explotación de recursos naturais, para a xeración de novos empregos.

3. Solicitar que os postos de traballo que se derivan da xestión, administración, contabilidade e explotación da división de Enerxía recalcan no centro de traballo de Cee-Dumbría-Centrales Hidroeléctricas, como foi desde sempre na historia de Carburos Metálicos.

8º.- Resolucións dictadas pola Alcaldía para coñecemento.-

- Altas, Baixas e Cambios de Domicilio dentro do Padrón Municipal de Habitantes.

- Autorización de bailes e verbenas populares en favor de Juan Bautista Louzán Lago para o día 2 de abril de 2016 da Festa da Amizade no Polideportivo de Sardiñeiro.

- Resolución de data 6 de abril de 2016 para a contratación en réxime laboral eventual de 2 técnicos de información turística.

- Concesión de permiso de compensación de días traballados en favor de M^a Lourdes Domínguez Lago durante os días 12, 14 pola tarde) 20 e 25 de abril de 2016.

- Resolución estimatoria de alegacións de expedientes sancionadores de tráfico.

- Aprobación de plan de vacacións en favor de:

Amanda Estévez Fernández	Auxiliar Axuda a Domicilio	19 ó 26 de abril e 2 ó 8 de agosto (ambos inclusive).
Sandra M^a Sixto Canosa	Auxiliar Axuda a Domicilio	17 ó 27 de xuño (ambos incluídos).
M^a Dolores Martínez Pérez	Auxiliar Axuda a Domicilio	15 ó 31 de xullo e 16 ó 31 de agosto (ambos incluídos).

Silvia Maria Sar Insua	Animadora cultural	20/06 ó 04/07 e do 18/07 ó 02/08.
-------------------------------	---------------------------	--

Milagros Canosa Santamaría	Limpiadora	11 ó 26 de xullo e do 11 ó 26 de agosto (ambos incluídos).
-----------------------------------	-------------------	---

- Contratación con carácter eventuale de M^a Dolores Otero Baldomar en calidade de asistente domiciliaria durante o período comprendido entre o 18 ao 26 de abril de 2016.
- Resolución de recurso de reposición en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria a nome de M^a Estela Crespo Castreje.
- Concesión de permiso por asuntos particulares en favor de M^a Dolores Martínez Pérez durante os días 25 e 26 de xuño de 2016.
- Concesión de permiso por asuntos particulares en favor de Amanda Estévez Fernández as mañás dos días 2 e 4 de maio de 2016.
- Aprobación do Plan de seguridade e saúde planteado por BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL da obra denominada Reforma das Escaleiras na Travesía á Rúa Real-
- Resolución de inicio de procedemento sancionador de tráfico.
- Concesión de permiso a Amable Canosa Martínez por hospitalización de familiar de parente de 2^o grao de afinidade para os días 26, 27, 28 e 29 de abril de 2016.
- Cancelación de garantía definitiva a Empresa Construcciones Hnos Meijide S.C, con C.I.F J15834716 da obra denominada “Corredor costeiro Fisterra Son: Humanización dos espazos públicos da fachada do porto de Fisterra” Fase Praza do Concello por importe de 5.481,36 €.
- Resolución de data 29 de abril de 2016 onde a Alcaldía acorda desestimar a recusación formulada por David López Macías contra o tenente de Alcalde e concelleiro delegado de Seguridade Xan Carlos Sar Oliveira.
- Adxudicación de actuacións de carácter medio ambiental dentro do Concello de Fisterra para mellorar as instalacións actuais que redunden en beneficio da Comunidade en favor da empresa ISIDRO INSUA NEMIÑA Y OTRO S.B.
- Adxudicación mediante contrato menor en favor da empresa Búa Construcciones y Servicios S.L por un importe de Seis Mil cincocentos euros (6.500, 00 €) e Mil trescentos sesenta e cinco euros (1.365,00 €).
- Autorización en favor de Enrique Miguel Benlloch Ruíz para celebración de bailes e verbenas populares gratuítos en honra á Virxe do Bo Suceso.
- Aprobación da lista provisional de admitidos coa finalidade de contratación de persoal con destino ás oficinas de turismo.

NOME E APELIDOS	REXISTRO ENTRADA	REXISTRO ORGANISMO OFICIAL
María Rodríguez Fernández	1042 15/04/2016	-----
Ada González Fernández	1.054 18/04/2016	-----
Yolanda Cambeiro Lago	1066 18/04/2016	-----
Lucia Dominguez Outes	1095 19/04/2016	-----
Iria Garcia Sar	1128 21/04/2016	-----
Sandra Vieites Buiturón	1129 22/04/2016	-----
Beatriz López Arosa	1145 25/04/2016	-----
Carmen Sendón Villar	1152 25/04/2016	-----
María José Sánchez Gómez	1154 26/04/2016	-----
Adrián Pena Bermudez	-----	Delegación do Goberno en Galicia. RX 6299 e1601068150 (22/04/2016).
José María Ruzo Sanmartín	1157 26/04/2016	-----

- Contratación con carácter eventual como Asistente Domiciliaria a Violeta Traba Castreje durante o período comprendido entre o día 9 ao 15 de maio de 2016.

- Contratación con carácter eventual durante o período comprendido entre o día 25 de maio ata o momento de Alta da traballadora substituída como Asistente Domiciliaria de M^a Dolores Otero Baldomar.

- Aprobación de gasto por importe de Tres Mil euros (3.000,00) para o proxecto de SENES CIT S.L durante o período comprendido entre 25/05/2016 ata o 31/07/2016.

- Resolución denegatoria sobre devolución de importes ingresados en concepto da taxa de vados solicitada por Amanda Estévez Fernández a nome do seu fillo Miguel Marcote Estévez.

- Aprobación de Lista Definitiva de candidatos a praza de técnicos de información turística:

NOME E APELIDOS
María Rodríguez Fernández
Ada González Fernández
Yolanda Cambeiro Lago
Lucia Dominguez Outes

Iria Garcia Sar
Sandra Vieites Buiturón
Beatriz López Arosa
Carmen Sendón Villar
María José Sánchez Gómez
Adrián Pena Bermudez
José María Ruzo Sanmartín

EXCLUIDOS

NOME E APELIDOS
Breixo Martíns Rodal
Paula Garcia Costa

- Resolución de suspensión inmediata de obras de “construción dun muro” na localidade de Sardiñeiro de Abaixo por parte de NORBERTO LESTON AREAS.

- Aceptación de subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza polo importe de 26.446,28 € para levar a cabo a obra “Ampliación e Mellora dos camiños municipais: Calcoba, A Insua e San Martiño de Abaixo”.

- Acordo de solicitar ante a Secretaría Xeral de Política Lingüística unha subvención polo importe de 10.900,00 € para Mantemento do Servizo de Normalización lingüística.

- Solicitar da Deputación Provincial unha subvención polo importe de once mil cento vinte e sete euros con corenta céntimos (11.127,40 €) para financiar a contratación de persoal con destino ás oficinas de turismo dentro do Termo Municipal de Fisterra durante o período de catro meses equivalente ao 100% do gasto total.

O Pleno dáse por enterado.-

Sendo ás 22 : 39 horas auséntase por razóns de traballo a Concelleira María Rocio Marcote Canosa.-

9º.- **Rogos e Preguntas.-**

Xan Garcia do grupo Convergencia Galega

¿ Cando vaise seleccionar o persoal de limpeza de Praias ?

Alcalde.- Procurarase facer para semana que ven, unha vez sexa determinada á Comisión de Selección.-

- Sería convinte dar un paseo polas aldeas (San Martiño, Castromiñan e Denle) e considerar facer un Plan de Limpeza dado que as cunetas están cheas de maleza e silvas.-

Alcalde.- Estése traballando no tema.-

- ¿Quen é a persoa que está realizando traballos nas oficinas do Concello?

Alcalde.- Se trata de persoal da Empresa de Aguas Corcubión S.L., encargado de facer o control de contadores de auga coa finalidade de poñer o día o servizo e conseguir que o Padrón Fiscal de Auga e Saneamento dentro desta Corporación sexa o mais acertado .-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 22: 42 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.